

# Composición sobre “ A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica)”

## **Doc 1. – As sucesivas abdicacións**

### **De Fernando VII a Carlos IV.**

*Meu venerado pai e señor: Para dar a V.M. unha proba do meu amor, da miña obediencia e da miña submisión, e para acceder aos desexos que a Vosa Maxestade manifestoume reiteradas veces, renuncio a miña coroa en favor da Vosa Maxestade, desexando que poida gozala por moitos anos. Recomendo a V. M. as persoas que me serviron dende o 19 de marzo.*

### **De Carlos IV a Napoleón Bonaparte.**

*A Súa Maxestade o rei Carlos, que non tivo na toda a súa vida outra mira que a felicidade dos seus vasallos, constante na idea de que todos os actos dun soberano deben unicamente dirixirse a este fin [...] resolveu ceder, como cede pola presente, todos os seus dereitos ao trono de España e das Indias a Súa Maxestade o emperador Napoleón, como o único que, no estado ao que chegaron as cousas, pode restablecer a orde; entendéndose que dita cesión só terá efecto para facer gozar aos seus vasallos das condicións seguintes:*

*1º. A integridade do reino será mantida: o príncipe que o emperador Napoleón xulgue debe colocar no trono de España será independente e os límites de España non sufrirán alteración algunha.*

*2º. A relixión católica, apostólica e romana será a única en España. Non se tolerará no seu territorio relixión algunha reformada e moito menos infiel, segundo o uso establecido actualmente.*

### **Doc. 2.-Orde do mariscal Murat (2 de maio de 1808):**

*“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):*

*Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados(...).*

*Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa (...)*

*Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados coma uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”*

### **Doc 3.- Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):**

*“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.*

---

Un comentario consta dunha introducción ( en azul celeste), unha parte de contextualización ( en amarelo), unha análise que aclare as frases dos documentos ( en verde) e unha conclusión ( en violeta)

A finais do s.XVIII, o reinado de Carlos IV viviu con preocupación os acontecementos da Revolución Francesa toda vez que Luís XVI, o monarca absoluto de Francia, foi detido e posteriormente executado polos revolucionarios. Esa preocupación compartida con outros monarcas absolutos europeos fixo que España participara nunha coalición para acabar co proceso revolucionario francés. Porén, o avance dos exércitos franceses por Cataluña e Guipúzcoa obrigou ao monarca español a pactar unha tregua que acabou por unir os intereses españois e franceses nunha colaboración militar contra o inimigo común de ambas nacións, Inglaterra. O que semellaba unha unión contra natura ( un monarca absoluto, representante do Antigo Réxime, colaborando militarmente cunha nación que acababa que sepultar o Antigo Réxime) acabou por frutificar nunha relación máis estreita cando Napoleón asumiu o goberno de Francia.

Os textos presentados están todos ubicados no ano 1808, ano no que a monarquía absoluta dos Borbóns española protagonizou un episodio de submisión ao emperador francés que acabou por conducila a un proceso de abdicación moi humillante que significou a chegada ao trono de José Bonaparte e o inicio da Guerra de Independencia española.

Para entender como se chegou ata este punto precisamos remontarnos un ano atrás.

A negativa de Portugal de aceptar o bloqueo continental decretado por Napoléon sobre Inglaterra como medio de asfixiala economicamente ante a imposibilidade de invadila tras a derrota da armada franco española en Trafalgar (1805), fixo que o emperador francés planificara a conquista de Portugal. Para isto tiña que contar co apoio de España toda vez que para acceder a Portugal tiña que atravesar España. Godoy, que era o secretario de Estado de Carlos IV, autorizou o paso por España das tropas francesas acordando tamén o mutuo reparto de Portugal e as súas colonias e a creación dun reiando dos Algarves para Godoy. Este era o contido asinado no Tratado de Fontenoy en 1807.

A presenza das tropas francesas acantonadas en España creou un enorme malestar popular, pero tamén nun sector da corte encabezada por Fernando VII, o fillo de Carlos IV. Este estaba resentido e temeroso da influencia que Godoy exercía sobre os reis e a acumulación de poder e títulos que fora adquirindo na colaboración política con Francia. As intencións de Fernando VII e do partido fernandino de provocar a abdicación de Carlos IV e a destitución de Godoy foron descubertas no denominado Motín do Escorial, no verán de 1807, pero volverían a tentalo en marzo de 1808 cando Godoy, comprendendo as verdadeiras intencións de Napoléon de ocupar a península enteira, decide trasladar a familia real a América. Isto provocou, en marzo de 1808, o Motín de Aranjuez onde grupos de alborotadores contando có apoio de gardas e grupos de nobres fernandinos asaltaron o pazo de Godoy e o pazo real e obrigaron a Carlos IV a abdicar en favor de Fernando VII.

Ante estes feitos, Carlos IV, de xeito privado, pediu axuda a Napoleón. Este, coa escusa de mediar nas disputas familiares, reuniu a Carlos IV e Fernando VII en Baiona (Francia). O documento 1 recolle as sucesivas abdicacións que se van producir nese encontro. En primeiro lugar, Fernando VII devolve o trono ao seu pai. Nese fragmento de arrepentimento e solicitude de perdón, por segunda vez despois do motín do Escorial, Fernando VII entrega a Carlos IV o trono coa petición de que non volviera a chamar a Godoy. Este aspecto queda claro na liña: “*Recomendo a V. M. as persoas que me serviron dende o 19 de marzo*”. Fai referencia ao 19 de marzo cando se produce o motín de Aranjuez.

No seguinte fragmento, Carlos IV fai entrega a Napoléon dos dereitos dinásticos e expresa dúas condicións na entrega; a integridade territorial española e que España siga sendo un Estado confesional católico. É dicir, España pasa a ser un Estado satélite de imperio napoleónico. A cambio da entrega do trono de España, Carlos IV e Fernando VII foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia.

Despois das abdicacións de Baiona, Napoleón proclamou como rei de España ao seu irmán Xosé Bonaparte. Para dotar de lexitimidade este acto, Napoleón reúne en Baiona unha Asemblea de Notables españois (acudiron sesenta e cinco persoas, a maioría nobres) para enmendar un texto redactado polo propio emperador, o Estatuto de Baiona. Unha carta outorgada onde o rei concedía dereitos á poboación e establecía unha serie de institucións que en ningún caso desprazarían ao rei do centro de todo o sistema. Era un texto híbrido conservador e revolucionario ao que se lle engadía o da confesionalidade do Estado como unha concesión aos acordos con Carlos IV.

**O documento 2** fai referencia á sublevación do pobo de Madrid contra a presenza das tropas francesas en maio de 1808. Este levantamento significará o comezo da guerra de Independencia. Unha guerra que despertará unha conciencia nacional ata ese momento inexistente no país e que suporá unha dor de cabeza para o propio Napoleón quen terá que intervir coa Grande Armea para poder consumir a ocupación efectiva do país. Nesta guerra enfrontábanse os españois que defendían a José Bonaparte, os afrancesados, e os que defendían o regreso de Fernando VII onde había absolutistas, pero tamén liberais que queren aproveitar a situación para impulsar unha revolución política.

No edicto emitido por Murat, a man dereita de Napoléon na invasión da península, deixa clara a dura resposta represiva francesa contra esa sublevación. Unha sublevación que inicialmente impediu que José Bonaparte se achegara a Madrid. Esa represión sería recollida no cadro dos fusilamentos do 2 de maio por parte de Goya. A superioridade militar tanto en homes como en armas por parte dos franceses obrigou aos españois a realizar unha guerra de guerrillas axudados por Inglaterra e mandos militares españois que se rebelan contra o poder establecido por José I.

**O documento 3** é un chamamento á sublevación por parte da Xunta de Defensa do Principado de Asturias. Os feitos acontecidos en Madrid, cando foron coñecidos no resto do país, prenderon un desexo de enfrontarse contra o francés facéndolle incómoda a súa ocupación e causándolle baixas a base de emboscadas e accións de sabotaxe, amparándose no coñecemento do territorio. Á fronte destas xuntas de defensa xurdidas de xeito espontáneo van estar militares, sectores do clero ou pequena nobreza. Nas súas proclamas hai un denominador común que é considerar as abdicacións de Baiona como un acto ilexítimo, onde os monarcas foron enganados por Napoleón, e unha adhesión inquebrantable a Fernando VII o que conleva non recoñecer como lexítimo rei a José I.

O papel destas Xuntas será relevante non só na organización da sublevación contra a ocupación napoleónica senón que acabarán por asumir a lexitimidade política ante a ausencia do rei. Coordinadas pola Xunta Suprema Central ata xaneiro de 1810 serán as promotoras da convocatoria a Cortes Extraordinarias convocada de facto polo Consello de Rexencia.

A guerra de Independencia terá tres fases:

Unha primeira onde a resistencia española sorprende aos franceses (o recollido nos documentos 2 e 3) e mesmo logra vitorias como a de Bailén o que obrigará a Napoleón a despregar a Grand Armea para controlar o territorio peninsular

Unha segunda fase de dominio francés con algunhas resistencias como os sitios de Zaragoza ou de Girona

Unha terceira fase onde o desprazamento da Grand Armea a Rusia vai ser aproveitado por Inglaterra para iniciar unha contraofensiva dende Portugal que se traducirá nunha serie de vitorias contra os franceses (Ciudad Rodrigo, Arapiles, Vitoria e San Marcial) que obrigaron a estes a ir repregándose ata a fronteira.

En 1813, polo Tratado de Valencay, Napoléon renuncia e devolve o trono español a Fernando VII quen reinaría ata a súa morte en 1833. O seu regreso significou a volta aos principios do Antigo Réxime e o absolutismo monárquico e a derogación da obra lexislativa das Cortes de Cádiz.

Para concluir dicir que 1808 é un ano clave para entender a historia de España no s. XIX. Comeza unha guerra que esperta a identidade nacional, que enfronta a españoles polo modelo de Estado e que implica o comezo dunha crise importante da monarquía hispana humillada por un Napoléon que non cre que a sublevación da poboación española poida chegar a ser un problema. Por último, nada poderá ser igual despois da guerra de Independencia e do proceso de cambio político que nace con este conflito. As Cortes de Cádiz e o seu labor lexislativo ocuparon o baleiro dos poderes tradicionais. Non poderíamos entender a súa xénese sen a guerra de Independencia. Os liberais souberon ver a oportunidade de facer unha revolución política.